PRÁCTICAS DE GRAO E MÁSTER

A formación universitaria dos futuros profesionais do Sistema Galego de Saúde complétase con programas de **prácticas externas**, co obxectivo de que poidan coñecer os ambientes reais de traballo e desenvolver as súas competencias na asistencia a pacientes e nas tarefas de xestión, sempre baixo a tutela de profesionais experimentados.

A ACIS xestiona os numerosos programas de prácticas desenvolvidos en **colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e universidades** non só galegas, senón tamén do resto de España e outros países.

En xeral, as bases para a realización destas prácticas establécense nos convenios de colaboración asinados entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as universidades correspondentes. Neles establécense **criterios homoxéneos para o desenvolvemento e avaliación das prácticas**.

No caso de solicitudes de prácticas con carácter ocasional por parte de universidades de fóra de Galicia, aplícase o establecido na Orde do 13 de novembro de 2007.

1. Convenios para a realización de prácticas >

2. Lexislación >